

Rúa da Feira núm. 32- San Xoán
15563 Moeche (A Coruña)
Tlf:981404 006
Fax: 981 404 200
E-mail: correo@moeche.es

Acta da convocatoria 29/09/2018

Acta núm. 1/2018

Acta de constitución do Grupo de Participación Infantil e da Adolescencia, celebrado o día 29/09/2018 na sala de reunións do Concello de Moeche, ás 11:00 horas

Asistentes:

Antón Canosa Casanova
Carlos Bouza Novo
Elías Mera Lois
Erika Freire Permuy
Eva Brañas López
Marta Mera Lois
Sandra Pita Piñón
Zeltia Pedreira López

Beatriz Bascoy Maceiras, alcaldesa do Concello de Moeche.

Raquel Novo Montes, técnica local de emprego do Concello de Moeche.

Ausentes:

Nerea Rodríguez Pérez, representante infantil e da adolescencia

Leticia Caaveiro Mera, representante infantil e da adolescencia

Adrián Freire Permuy, representante infantil e da adolescencia

Sendo as 11:00 horas do día 29/09/2018 e reunidos a maioría dos membros comézase coa orde do día prevista. Ao ser a primeira xuntanza do grupo, está dirixido pola alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras.

O primeiro punto da orde do día incluía a elección dos cargos no grupo. A presidencia ocuparaa Elías Mera Lois, secundado na vicepresidencia por Eva Brañas López. O secretario elixido foi Carlos Bouza Novo e a vicesecretaría corresponderalle a Zeltia Pedreira López. O resto dos membros serán os vogais.

2.- Elección da cor para o muro de peche do colexio

A alcaldesa presentou ao grupo tres propostas de cores para o muro de peche do CEIP San Ramón de Moeche.

- Pintar o muro de diferentes cores
- Pintar dunha soa cor
- Pintar o muro das cores do arco da vella

A elección vai a votación e por maioría escollemos o pintado coas cores do arco da vella.

3.- Proposta de actividades para a adolescencia.

A rapazada de máis de 12 anos deberán propoñer actividades dirixidas á adolescencia. Queda pendente que para a próxima reunión presenten propostas.

4.- Proposta de cambio de nome da rúa en San Ramón.

O grupo ten a encomenda de empezar a buscar o nome para unha das rúas do núcleo de San Ramón, indagando para iso no estudo da toponimia tradicional e na historia do municipio. Queda pendente que para a próxima reunión presenten as súas propostas.

5.- Logotipo CLIA

Proponse que o propio grupo escolla un logo que identifique o CLIA Concello de Moeche. Queda pendente de que para a próxima reunión todos e todas veñan coas súas propostas.

Concluídos todos os puntos da orde do día e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da o acto por terminado, levantando a sesión ás 12:00 horas, extendendo a presente acta que será aprobada na próxima reunión que se celebre.

O secretario

Vº. e pr.

presidente



O
